

COMO ACCEDER DENDE FÓRA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA Á COLECCIÓN ELECTRÓNICA DA BIBLIOTECA

Dende a páxina [Acceso desde fóra da UDC](#), prémese na opción “Autenticarse”:


Acceso desde fóra da UDC á colección electrónica da Biblioteca



Prema en **AUTENTICARSE** para acceder desde fóra do campus á colección electrónica da Biblioteca. Consulte o proceso nesta [guía](#) ou neste [vídeo](#).


- **Recursos:** Pódese acceder aos **recursos electrónicos** (revistas, libros, bases de datos), adquiridos para o seu uso con fins académicos e de investigación. O acceso a estes recursos é só para fins académicos, non se permite o seu uso con fins lucrativos nin para o desenvolvemento de actividades profesionais alleas á Universidade.

A continuación rediríxenos á páxina de autenticación, que pode facerse coas credenciais da UDC ou cun certificado dixital que se teña instalado no ordenador:




Acceso con usuario e contrasinal da UDC:

Introdúcese o correo electrónico e contrasinal da UDC:




Acceso con certificado dixital:

Seleccionase un certificado instalado no equipo:



Seguidamente e por razóns de seguridade, o sistema esixe un dobre factor de autenticación. Existen varias formas de comprobar a identidade: a través da aplicación Microsoft Authenticator, un código de verificación ou recibir unha mensaxe de texto ou unha chamada telefónica de confirmación:



Nota: o dobre factor de autenticación só será necesario a primeira vez que se introduza a conta da UDC nun dispositivo (cada navegador tamén considérase un dispositivo). Ata pasados 90 días, non volverá pedilo.

Unha vez aprobada a autenticación, xa se poden consultar os recursos da biblioteca. Sábese que a conexión dende fóra foi realizada correctamente porque na URL aparece a palabra “accedys”:



É **importante** non saír desta páxina para que o acceso desde fóra siga funcionando. Finalmente, xa se seleccionaría a base de datos, libro ou revista electrónica...de interese.